

PROLONGACIÓNS DE XORNADA - AQUÍ FALTA XENTE

Poucas persoas alleas ao BBVA entenderían a nosa contraditoria realidade: **moitos traballadores/ás fan máis horas de traballo das que corresponden, mentres decenas de miles de universitarios ben preparados non encontran emprego e seguimos con preto de 6 millóns de paradas e parados, cunha taxa do 25,7%.** A guinda é os desafortunados comentarios dalgúns Responsables sobre a conveniencia de dedicar a vida ao traballo, se se quere conservar o posto de traballo.

Os números non enganan: se 100 persoas fan o traballo de 120, hai 20 persoas que non se contratan. Enriba, este ano o banco recorta a partida dedicada a contratacións temporais para cubrir ausencias; xa se cubrirán coas prolongacións.

Hai que desmontar o "tópico típico" habitual, con dúas variantes.

Unha: *prolongo a xornada, é unha cousa miña que non afecta a ninguén máis. Si, si afecta.* Afecta aos compañeiros e compañeiras que non prolongan, porque poden ser obxecto de máis presións, directas ou ambientais. Afecta aos que xamais poderán ser compañeiros/ás, porque a prolongación evita que poidan ser contratados. Afecta ás contas da Seguridade Social e ao futuro das pensións.

A outra: *prolongo a xornada porque así quito traballo e, total, tampouco ten tanta importancia.*

Si, si ten importancia. Partimos de que o equipo do BBVA somos bos profesionais que, en moitos casos, por un mal entendido sentido da responsabilidade, prolongamos sistematicamente a nosa xornada. Se teño que prolongar a miña xornada habitualmente é porque teño máis traballo do que podo facer, porque o traballo está mal organizado ou polas dúas cousas á vez.

As prolongacións evitan que o Banco busque solucións aos problemas que el mesmo crea.

Cumprindo a xornada pactada, visualizaríase que para tratar o volume de clientela e de negocio que quere BBVA, se precisan máis persoas das que somos para dar apoio administrativo á tarefa comercial, e non menos, como sucederá co proxecto Vanguard e O2BEC. Fan falta máis xestoras e xestores, asesores financeiros, etcétera, para poder contratar operacións, sen que supoña ter que rematalas fóra da nosa xornada.

Aquí falta xente, e cóbrese coas prolongacións. Un negocio ruinoso para quen prolonga, que renuncia a parte do seu tempo libre coa súa familia ou amigos para darllo ao Banco a cambio

de nada. Un negocio ruinoso para quen aspira a traballar en banca, normalmente tras moitos anos de estudos, porque as prolongacións son unha eiva contra a xeración de emprego.

Ao igual que prolongar é unha decisión que afecta a quen a toma e a todo o seu ámbito, a decisión de cumprir a súa xornada tamén.

Poñerse límites é:

- Traballar por un soldo.
- Conciliar a vida laboral coa persoal.

Esixamos entre todos e todas:

- Que o banco contrate ao persoal necesario para solucionar os problemas endémicos xerados polas prolongacións.

¡Sigue avanzando no teu traxecto ata o traballo saudable!

10 de marzo de 2014

